INFORME DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA SOBRE O PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE CONVOCAN AS ELECCIÓNS E SE DITAN AS NORMAS PARA A RENOVACIÓN DOS MEMBROS DO PLENO DO CONSELLO REGULADOR DA DENOMINACIÓN DE ORIXE PROTEXIDA MEXILLÓN DE GALICIA-MEJILLÓN DE GALICIA

Visto o "Proxecto de orde pola que se convocan as eleccións e se ditan normas para a renovación dos membros do Pleno do Consello Regulador da denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia-Mejillón de Galicia", en cumprimento do disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, esta Secretaría Xeral Técnica emite o seguinte

INFORME:

I. FUNDAMENTACIÓN CONSTITUCIONAL, ESTATUTARIA E LEGAL

O artigo 148.1.7 da Constitución española establece que as Comunidades Autónomas poderán asumir competencias en "materia de agricultura e gandería, de acordo coa ordenación xeral da economía". Sobre a base deste fundamento constitucional, o Estatuto de Autonomía de Galicia, concretamente o artigo 30.1, puntos 3 e 4, establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de agricultura e gandería así como en materia de denominacións de orixe, esta última exercida en colaboración co Estado.

Dentro deste marco competencial, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 1/2024, do 11 de xaneiro, de calidade alimentaria de Galicia, que ten como fins básicos, entre outros, o de promover e protexer as producións e elaboracións dos produtos alimenticios de calidade diferenciada na Comunidade Autónoma de Galicia, e o de garantir a protección das figuras de

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Complexo Administrativo San Caetano
Edificio número 5, planta 2ª
15781 Santiago de Compostela
Tfno. 981 544 038 sxt.mar@xunta.gal

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: tUHF2StoB8A0 https://sede.xunta.gal/cve

calidade diferenciada, como son as denominacións de orixe, que teñen como finalidade primordial avalar ou asegurar fronte aos consumidores as cualidades especiais destes produtos.

A lei contempla no artigo 47 a natureza dos consellos reguladores do ámbito territorial de Galicia, e establece que terán personalidade xurídica propia baixo a forma de corporacións de dereito público. Así mesmo, atribúelles a realización das actuacións relacionadas coa xestión das denominacións xeográficas, para o que actúan con autonomía financeira e plena capacidade de obrar. E determina tamén, no seu artigo 55, que a tutela administrativa e supervisión dos consellos reguladores será exercida pola consellería competente por razón da natureza do produto protexido de que se trate, sinalando expresamente que, no caso das denominacións xeográficas de calidade relacionadas cos produtos de orixe pesqueira, marisqueira ou de cultivo acuícola, esta competencia corresponderá á dirección xeral que teña atribuídas as competencias en materia de comercialización pesqueira.

Esta lei derrogou a Lei 2/2005, do 18 de febreiro, que foi desenvolvida mediante o Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores; decreto que se mantén en vigor ata que non se produza o desenvolvemento regulamentario previsto da Lei 1/2024, do 11 de xaneiro.

Neste ámbito ten unha decisiva influencia a normativa comunitaria, constituída na actualidade polo Regulamento (UE) 2024/1143 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de abril de 2024, relativo ás indicacións xeográficas dos viños, bebidas espirituosas e produtos agrícolas, así como especialidades tradicionais garantidas e ás mencións de calidade opcionais para os produtos agrícolas, polo que se modifican os Regulamentos (UE) nº 1308/2013, (UE) 2019/787 e (UE) 2019/1753 e se derroga o Regulamento (UE) nº 1151/2012.

De acordo co este marco normativo, a Orde do 20 de marzo de 2019 aprobou o Regulamento da denominación de orixe protexida Mexillón de

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Complexo Administrativo San Caetano
Edificio número 5, planta 2ª
15781 Santiago de Compostela
Tfno. 981 544 038 sxt.mar@xunta.gal

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: tUHF2StoB8A0 https://sede.xunta.gal/cve

Galicia-Mejillón de Galicia e do seu Consello Regulador, resaltando que a denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia-Mejillón de Galicia foi inscrita no Rexistro Europeo de Denominacións de Orixe Protexidas e Indicacións Xeográficas Protexidas mediante o Regulamento (CE) 1050/2007 da Comisión, do 12 de setembro de 2007.

II. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

Tal como sinala a memoria xustificativa, mediante a Orde da Consellería do Mar do 8 de xullo de 2020, convocáronse as eleccións e ditáronse as normas para a renovación dos membros do Pleno do Consello Regulador da denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia-Mejillón de Galicia.

Unha vez rematado o período de mandato dos vogais, establecido no artigo 35 do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, resulta necesario proceder á convocatoria electoral para a renovación dos órganos de goberno do Consello Regulador.

A finalidade do proxecto de orde é, polo tanto, convocar o correspondente proceso electoral e establecer o calendario e as normas necesarias para a súa organización e desenvolvemento, de conformidade co establecido no Decreto 4/2007, no Regulamento da Denominación de Orixe Protexida Mexillón de Galicia-Mejillón de Galicia e do seu Consello Regulador, e na restante normativa aplicable.

III. ESTRUTURA E CONTIDO

Respecto a súa estrutura, o proxecto consta dun preámbulo e 29 artigos, co seguinte detalle:

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Complexo Administrativo San Caetano
Edificio número 5, planta 2ª
15781 Santiago de Compostela
Tfno. 981 544 038 sxt.mar@xunta.gal

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: tUHF2StoB8A0 https://sede.xunta.gal/cve

Art. 1. Convocatoria
Art. 2. Calendario electoral, prazos e lugar de presentación de documentación
Art. 3. Persoas electoras
Art. 4. Elixibles
Art. 5. Sistema electoral
Art. 6. Xunta Electoral
Art. 7. Presentación de persoas candidatas a vogais da Xunta Electoral en representación do sector.
Art. 8. Designación de membros da Xunta Electoral
Art. 9. Comisión Electoral
Art. 10. Funcións da Comisión Electoral
Art. 11. Censo electoral
Art. 12. Publicidade dos censos
Art. 13. Persoas candidatas e candidaturas
Art. 14. Presentación de candidaturas
Art. 15. Proclamación provisional de candidaturas
Art. 16. Exposición e proclamación definitiva de candidaturas
Art. 17. Circunstancias especiais das candidaturas
Art. 18. Campaña electoral
Art. 19. Papeletas e sobres
Art. 20. Persoas apoderadas e interventoras
Art. 21. Mesas electorais
Art. 22. Designación dos membros das mesas electorais
Art. 23. Constitución das mesas electorais
Art. 24. Acta das mesas electorais periféricas
Art. 25. Acta da mesa electoral central
Art. 26. Do voto
Art. 27. Escrutinio das votacións
Art. 28. Asignación dos resultados e proclamación de persoas vogais electas
Art. 29. Constitución do Pleno e elección das persoas que exerzan os cargos da presidencia e as vicepresidencias.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: tUHF2StoB8A0 https://sede.xunta.gal/cve

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Complexo Administrativo San Caetano
Edificio número 5, planta 2ª
15781 Santiago de Compostela
Tfno. 981 544 038 sxt.mar@xunta.gal

O proxecto complétase cunha disposición adicional única, referida á composición equilibrada dos órganos colexiados (Consello Regulador, Xunta Electoral e Comisión Electoral) e promoción da representación paritaria; unha disposición derrogatoria única, e tres disposicións derradeiras, que contemplan, respectivamente, as disposicións supletorias, a facultade de desenvolvemento e a entrada en vigor.

Por último, o proxecto recolle cinco anexos referidos ao calendario electoral (I), ao modelo de impreso para presentación dos censos (II), ao modelo de credencial de nomeamento da persoa interventora (III), ao modelo de credencial de nomeamento da persoa apoderada (IV) e a un modelo de asignación de vogalías polo sistema proporcional directo (V).

IV. TRÁMITES REALIZADOS E RESULTADO DOS MESMOS

O proxecto de orde elaborouse de conformidade co procedemento establecido nos artigos 40 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Así, en consonancia co sinalado no artigo 41, unha vez iniciado o procedemento por acordo da conselleira do Mar do 29 de maio de 2026, levouse a cabo unha consulta pública previa a través do Portal de Transparencia durante o período comprendido entre o 1 de xuño e o 18 de xuño de 2026, tal como consta no certificado da Dirección da Área de Administración Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia de 21 de xuño de 2026, sen que se recibisen achegas sobre a proposta normativa.

Finalizada a consulta, a elaboración do anteproxecto levouse a cabo pola Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, centro

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Complexo Administrativo San Caetano
Edificio número 5, planta 2ª
15781 Santiago de Compostela
Tfno. 981 544 038 sxt.mar@xunta.gal

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: tUHF2StoB8A0 https://sede.xunta.gal/cve

directivo a quen lle corresponde, entre outras competencias, as relativas á comercialización pesqueira.

Consta no expediente a memoria xustificativa sobre a súa legalidade, acerto e oportunidade; a memoria económico-financieira e o informe do Servizo de Técnico-Xurídico.

Unha vez rematada a fase inicial de elaboración, o texto aprobouse o 29 de xuño de 2026 pola conselleira do Mar como proxecto de orde, publicándose na páxina web do portal de Transparencia e Goberno aberto, de conformidade co disposto no artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co previsto no artigo 42.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, durante o período comprendido entre o 30 de xuño e o 21 de xullo de 2026, tal como consta no certificado da Dirección da Área de Administración Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia do 27 de xullo de 2026, sen que se recibisen suxestións o seu contido.

En cumprimento do trámite de audiencia, deuse traslado do texto do proxecto ás seguintes asociacións do sector:

- Amegrove Sociedad Cooperativa Galega
- Asociación de Mexilloeiros Illa de Arousa
- Asociación de Productores Mexilloeiros de Rianxo (Aspromeri)
- Sociedad Cooperativa Limitada Mejilloneros de Galicia (Socomgal)
- Asmecruz, Sociedad Cooperativa Gallega
- Asociación Mejilloneros de Vilanova de Arousa (Amevila)
- Asociación de Mejilloneros Profesionales A Marxa
- Asociación Mejilloneros San Esteban - AMI
- Asociación de Productores Mejilloneros Rianosa de Moaña
- Asociación de Mejilloneros San Cibrán de Aldán
- Asociación de Mexilloeiros San Saturnino de Cambados
- Asociación Mexilloeira Rianxeira
- Asociación de Productores Mejilloneros de la Ría de Muros y Noia

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Complexo Administrativo San Caetano
Edificio número 5, planta 2ª
15781 Santiago de Compostela
Tfno. 981 544 038 sxt.mar@xunta.gal

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código. https://sede.xunta.gal/cve
CVE: tUHF2StoB8A0

- Asociación de Carácter Interprofesional AIMEX
- Asociación de Productores Mejilloneros Ría de Barraña (Amebarraña)
- Asociación de Productores de Mejillón Virxen do Carmen
- Asociación Mexiloeira do Barbanza
- Asociación de Productores Mexilloeiros San Amaro
- Asociación Mexilloeiros A Boirense
- Asociación de Productores Mejilloneros de San Adrián de Cobres (Amesa)
- Asociación de Mejilloneros Santa María de Caleiro
- Asociación de Productores Mejilloneros Ría de Arosa
- Organización de Productores Mejilloneros de la Rías Gallegas (Opmegal)
- Asociación Mexilloeiros Vilaxoán
- Asociación de Productores de Mejillón de Ares-Betanzos (Apromar)
- Agrupación de Mexilloeiros Vilanova
- Asociación de Productores Mejilloneros de Moaña
- Asociación de Productores Mexilloeiros A Ría
- Egrome, Sociedad Cooperativa Galega
- Asociación de Mejilloneros La Gorma
- Asociación de Mejilloneros Coteife
- Asociación de Mexilloeiros A Bensa
- Asociación de Mejilloneros de Combarro-Rajó
- Sociedade Cooperativa Mexilloeira de Bueu (Socomebu)
- Asociación de Mejilloneros Ría de Vigo
- Asociación de Productores Independientes de Mejillón de Galicia (Proimega)
- A.M. PUNTA COUSO
- A.M. XIDOIROS
- A.P.M. ANTON FERNANDEZ
- A.P.M. DA POBRA
- A.P.M. MAR DE AROSA
- A.P.M. PROASromotorar
- A.P.M. PROMAR
- A.P.M. VILADOMAR

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Complexo Administrativo San Caetano
Edificio número 5, planta 2ª
15781 Santiago de Compostela
Tfno. 981 544 038 sxt.mar@xunta.gal

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: tUHF2StoB8A0 https://sede.xunta.gal/cve

- ACUIMEGA - Asociación de Acuicultores Mexilloeiros de Galicia
- Asociación de Bateeiros Patiño
- Mejilloneras Cons de Udra, S. L.
- MITIGAL
- PROINSA – Promotora Industrial Sadense, S.A.
- Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados y Mariscos ANFACO - CECOPESCA
- Asociación Galega de Depuradores de Moluscos (AGADE)
- Asociación Gallega de Comercializadores de Marisco (AGACOMAR)
- Organización de Productores de Mejillón de Galicia (OPMEGA)
- Consello Regulador Mexillón de Galicia
- Asociación Gallega de Cocederos de Mejillón (AGACOME)

Finalizado o prazo do trámite de audiencia, non se recibiron observacións ao contido do proxecto.

Ao non supoñer custo económico, o proxecto foi informado favorablemente o 7 de xullo de 2026 pola Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico da Consellería de Facenda e Administración Pública.

Con data 10 de xullo de 2026, a Dirección Xeral de Promoción da Igualdade da Consellería de Política Social e Igualdade emite informe sobre impacto de xénero no que realiza unhas recomendacións desde o punto de vista da perspectiva de xénero, que foron seguidas co alcance indicado na memoria de tramitación que acompaña ao proxecto. Así mesmo, revisouse, de conformidade co indicado no informe, o uso do masculino como xenérico nos artigos 27.5 e 29 do texto normativo.

Finalmente, o proxecto de orde foi informado favorablemente o 13 de outubro de 2026 pola Asesoría Xurídica ao consideralo conforme ao ordenamento xurídico.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: tUHF2StoB8A0 https://sede.xunta.gal/cve

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Complexo Administrativo San Caetano
Edificio número 5, planta 2ª
15781 Santiago de Compostela
Tfno. 981 544 038 sxt.mar@xunta.gal

Visto o anterior, o proxecto normativo respecta os principios de boa regulación establecidos no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, e no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, de acordo cos principios de necesidade, proporcionalidade, eficacia e eficiencia, esta norma explica os fins perseguidos coa súa aprobación, contén a regulación imprescindible para atender a súa finalidade, é o instrumento máis axeitado para garantir a súa consecución, e non impón cargas administrativas á cidadanía. Igualmente, en virtude do principio de seguridade xurídica, a norma garda coherencia co resto do ordenamento xurídico, e, en cumprimento do principio de transparencia, identifícanse con claridade nela os obxectivos que se pretenden acadar e se deu participación á cidadanía e ás entidades representativas do sector no seu proceso de elaboración.

En consecuencia, tendo en conta os aspectos analizados, o texto proposto reúne os requisitos esixidos na normativa de aplicación examinada anteriormente, polo que esta Secretaría Xeral Técnica informa favorablemente o "Proxecto de orde pola que se convocan as eleccións e se ditan normas para a renovación dos membros do Pleno do Consello Regulador da denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia-Mejillón de Galicia".

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
A secretaria xeral técnica

María Luisa Boquete Pumar

Asinado por: BOQUETE PUMAR, MARIA LUISA
Cargo: Secretaria Xeral Técnica
Data e hora: 16/10/2026 14:33:59

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: tUHF2StoB8A0 https://sede.xunta.gal/cve

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Complexo Administrativo San Caetano
Edificio número 5, planta 2ª
15781 Santiago de Compostela
Tfno. 981 544 038 sxt.mar@xunta.gal